



XUNTA DE GALICIA

AUGAS DE GALICIA. SERVIZO TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

MVMC de Miñotos solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27. 78112.

As obras solicitadas consisten nas obras de instalación dunha tubaxe de drenaxe transversal dunha pista forestal e dunha arqueta de recollida, no punto con coordenadas UTM ETRS89 no huso 29 (X= 617 822; Y= 4 821 249); na zona de policía do rego de Besteburiz, no lugar de Cruz da Braña, parroquia de San Pedro de Miñotos, no concello de Oourol, Lugo.

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de vinte (20) días a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Oourol ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 30 de maio de 2022.- o xefe do Servizo Territorial de Lugo, P.S. 18/08/2021 O xefe do Servizo Territorial da Zona Hidrográfica Galicia-Norte, Néstor Rodríguez Arias.

R. 1448

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

INTERVENCIÓN-CONTABILIDADE E CONTAS

Anuncio

Informada pola Comisión de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas en sesión celebrada o día trinta e un de maio de dous mil vinte e dous, a Conta Xeral do Orzamento da Excma. Deputación Provincial de Lugo, correspondente ao ano 2021; expónse ao público na Secretaría da Excma. Deputación Provincial, xunto cos documentos que a acompañan, por espazo de quince días, durante os cales os interesados poderán presentar reclamacións, reparos e observacións á mesma, de conformidade co art. 212 do Real decreto Legislativo 2/2004, texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Lugo, 31 de maio de 2022.- O PRESIDENTE, José Tomé Roca. O SECRETARIO, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1449

CONCELLOS

ALFOZ

Anuncio

En cumprimento do disposto no artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e unha vez que foi debidamente informada pola Comisión Especial de Contas, expónse ao público a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2021, por un prazo de quince días, durante os cales quen se estimen interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións que teñan por convintes.

Alfoz, 30 de maio de 2022.- O Alcalde. Jorge Val Diaz.

R. 1450

BARALLA

Anuncio

Corrección de erros no anuncio da aprobación da oferta de emprego público, con carácter extraordinario, para o ano 2022

Detectado un erro no anuncio publicado no BOP de Lugo número 118 de data 25 de maio de 2022, polo que se anuncia a aprobación da oferta de emprego público, con carácter extraordinario, para o ano 2022, procédese a facer a seguinte corrección:

No cadro onde se detallan as prazas, e en concreto, nas prazas de "Auxiliar administrativo Programa Axuda Domicilio" e "Auxiliar administrativo Oficina Información Xuvenil e Biblioteca", no apartado réxime xurídico, onde di "laboral fixo", debería dicir: "**funcionario**".

Permanecendo o resto do anuncio nos mesmos termos.

Baralla, 31 de maio de 2022.- O ALCALDE, Miguel González Piñeiro.

R. 1451

BECERREÁ

Anuncio

Formulada, rendida e informada pola Comisión Especial de Contas deste Concello, a Conta Xeral, correspondente ó exercicio 2021, expónse ó público polo prazo de quince días hábiles, contados a partires do seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Durante os mesmos os interesados lexitimados, poderán examinala e formula-las reclamacións, reparos e alegacións que estimen pertinentes, no prazo de exposición, de conformidade co disposto nos artigos 116, da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 212 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Becerreá, 31 de maio de 2022.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 1452

BÓVEDA

Anuncio

EDICTO DE NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIÓNS E ANUNCIO DE COBRANZA

Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de abastecemento de auga, rede de sumidoiros, recollida de lixo e canon da auga do 4º trimestre do exercicio 2021.

Por Resolución da Alcaldía, n.º: 2022-0252, de data 27 de maio de 2022, aprobouse o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de abastecemento de auga, rede de sumidoiros, recollida de lixo e canon da auga, correspondente ao 4º trimestre do exercicio 2021, así como a apertura dun período de información pública por prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen oportunas, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formula ningunha reclamación contra o mesmo.

O prazo de cobro en período voluntario será de un mes: Dende o 1 ao 30 de xuño de 2022.

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións incorporadas ao mesmo e notificadas colectivamente mediante o presente anuncio, os interesados poderán interpoñer, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes, recurso previo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, de acordo con canto establece o artigo 14 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Trascorrido o período de pago en voluntaria as débedas co Concello serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa

ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao aveiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Bóveda, 27 de maio de 2022.- O Alcalde, José Manuel Arias López.

R. 1453

CARBALLEDO

Anuncio

En sesión plenaria celebrada o 31 de marzo de 2022 foi inicialmente aprobado o Regulamento de Funcionamento do Centro de día do Concello de Carballedo, o que, de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local, faise público polo prazo de trinta días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ou suxerencias ante o Pleno; quedando definitivamente adoptado o acordo provisional se durante o citado período non fora presentada ningunha reclamación ou suxerencia.

Carballedo, 31 de maio de 2022.- O Alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 1454

Anuncio

En sesión plenaria celebrada o 31 de marzo de 2022 foi inicialmente aprobado o Regulamento de Funcionamento do Fogar Residencial do Concello de Carballedo, o que, de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local, faise público polo prazo de trinta días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ou suxerencias ante o Pleno; quedando definitivamente adoptado o acordo provisional se durante o citado período non fora presentada ningunha reclamación ou suxerencia.

Carballedo, 31 de maio de 2022.- O Alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 1455

Anuncio

Non constando a presentación de reclamacións ao expediente de modificación de crédito do orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito 1/2022, aprobado inicialmente en sesión plenaria celebrada con data 31 de marzo de 2022 por importe de **180.000,00€** (CENTO OITENTA MIL EUROS), o expediente considérase definitivamente aprobado, e se procede a súa inserción no Boletín Oficial da Provincia conforme ao disposto no artigo 169.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo.

ALTAS EN APLICACIONES DE GASTOS

GASTOS

PROGRAMA	ECONÓMICA	DESCRIPCIÓN	IMPORTE
454	619	OTRAS INV.REPOSICION INFRAESTRUC.,BIENES USO GRAL	30.000,00
342	622	EDIFICIOS Y OTRAS CONSTRUCCIONES	10.000,00
165	619	OTRAS INV.REPOSICION INFRAESTRUC.,BIENES USO GRAL	15.000,00
161	619	OTRAS INV.REPOSICION INFRAESTRUC.,BIENES USO GRAL	25.000,00
153	619	OTRAS INV.REPOSICION INFRAESTRUC.,BIENES USO GRAL	25.000,00
241	22199	OTROS SUMINISTROS	30.000,00
153	210	INFRAESTRUCTURAS Y BIENES NATURALES	15.000,00

172	210	INFRAESTRUCTURAS Y BIENES NATURALES	15.000,00
165	22100	ENERGIA ELECTRICA	15.000,00
			180.000,00

ALTAS EN APLICACIÓN DE INGRESOS**INGRESOS**

PROGRAMA	ECONÓMICA	DESCRIPCIÓN	IMPORTE
	87000	REMANENTE DE TESORERIA PARA GASTOS GENERALES	180.000,00

Carballedo, 31 de maio de 2022.- O Alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 1456

A FONSGRADA*Anuncio*

Non sendo posible realizar as funcións propias da Alcaldía debido á situación de ausencia temporal do Presidente da Corporación durante o período de tempo que vai dende o día 1 ata o 13 de xuño do 2022, e de conformidade do disposto nos artigos 23.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de acordo cos artigos 44 e 47 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro e conforme co previsto no artigo 63 da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; procedeuse mediante resolución 2022-0264 á delegación da totalidade das funcións da Alcaldía deste Concello, no primeiro tenente de alcalde, Don Jose Ángel Fernández Carrín, 1 ata o 13 de xuño do 2022, ambos incluídos.

A Fonsagrada, 30 de maio de 2022.- O Alcalde, Carlos López López.

R. 1457

LUGO*Anuncio*

A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de maio de 2022 adoptou o acordo 8/291 **RESOLUCIÓN DO CONCURSO PARA A PROVISIÓN DO POSTO DE TRABALLO DE ADXUNTO/A DE SERVIZO DE PARQUES E XARDÍNS NO EXCMO. CONCELLO DE LUGO**, o cal fora convocado polo Decreto nº 1331/2022 de data 09/02/2022 rexendose polas bases aprobadas polo acordo 28/59 adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o día 2 de febreiro de 2022, sendo a parte dispositiva do mencionado acordo do teor literal seguinte:

“PRIMEIRO.- Resolver o concurso convocado para a provisión do posto de ADXUNTO/A DE SERVIZO PARQUES E XARDÍNS, adxudicando definitivamente o posto da seguinte forma:

POSTO	CÓDIGO	ADXUDICATARIO/A	DNI
Adxunto do Servizo Parques e Xardíns	2501/221	D. Marcos López Fernández	xxx3548xx

SEGUNDO.- O prazo de toma de posesión empezará a contarse a partir do día seguinte ao do cesamento, que deberá efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes á publicación da resolución do concurso no Boletín Oficial da Provincia.

A toma de posesión comportará o cesamento no actual posto.

TERCEIRO.-Contra esta resolución pódense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.

- Recurso contencioso-administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación desta resolución, ante o xulgado do contencioso-administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, de modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

CUARTO.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia, e no Taboleiro de Anuncios do Concello.”

Lugo, 30 de maio de 2022.- A Tta. de Alcaldesa Delegada da Area de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

R. 1458

MEIRA

Anuncio

CONVOCATORIA PROCESO SELECTIVO PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO

A Xunta de Goberno Local do Concello de Meira na sesión ordinaria celebrada o día 30 de maio de 2022 aprobou as bases do proceso selectivo para a contratación de dous (2) peóns de servizos múltiples en réxime de laboral temporal, polo sistema de concurso-oposición, ao abeiro do Plan Único de Cooperación cos Concello 2022, programa de Fomento do Emprego.

De acordo coa Base 5ª das que rexen o procedemento selectivo, faise público dito proceso selectivo mediante anuncio da convocatoria no BOP de Lugo e á publicación íntegra das bases no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Meira.

Aqueles aspirantes que desexen participar no devandito proceso, disporán dun prazo de **dez (10) días naturais para a presentación das instancias dende a publicación deste anuncio no BOP.**

Meira, 30 de maio de 2022.- O Alcalde accidental, Agustín Mendez Moirón.

R. 1459

MONDOÑEDO

Anuncio

O Pleno do Concello de Mondoñedo en sesión ordinaria celebrada o día 29 de marzo de 2022, acordou a aprobación provisional da modificación da Ordenanza fiscal reguladora DA TAXA POR SERVIZOS DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA E UTILIZACIÓN DE CONTADORES E INSTALACIÓNS ANÁLOGAS CANDO DITOS SERVIZOS E SUBMINISTROS SEXAN PRESTADOS POR ENTIDADES LOCAIS.

E en cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Durante devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello (*dirección <http://mondonedo.sedelectronica.gal>*).

Se transcorrido devandito prazo non se presentaron reclamacións, considerarase aprobado definitivamente devandito acordo.

Mondoñedo, 31 de maio de 2022.- O Alcalde, Manuel Ángel Otero Legide.

R. 1460

Anuncio

CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DE SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DA IMPLANTACIÓN EMPRESARIAL NO PARQUE EMPRESARIAL DE MONDOÑEDO

O Concello de Mondoñedo elaborou un Plan Estratéxico de Subvencións que introduza a conexión entre os obxectivos e efectos que se pretenden conseguir, dentro das formas da actuación das Administracións Públicas e a súa interacción coa iniciativa cidadá, con custes previsibles e as súas fontes de financiamento, co obxecto de adecuar as necesidades públicas a cubrir, a través das subvencións coas previsións de recursos dispoñibles.

O Pleno da Corporación do Concello de Mondoñedo en sesión ordinaria celebrada o día 29 de decembro de 2017, acordou aprobar o citado Plan.

De novo, o Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o 13 de abril de 2018, acordou modificar o devandito Plan Estratéxico, engadindo unha nova liña de subvencións en materia de fomento da implantación empresarial co obxectivo de apoiar a dinamización económica do municipio e o impulso das iniciativas empresariais. Esta modificación foi aprobada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 94 do 25 de abril de 2018.

Visto que mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 27 de abril de 2018, o Concello de Mondoñedo aprobou a primeira convocatoria e bases reguladoras de subvencións para o fomento da implantación empresarial no Parque Empresarial de Mondoñedo.

Atendendo a que o Concello de Mondoñedo ten como obxectivo a rexeneración do actual tecido produtivo, así como a colaboración na consolidación de actividades existentes e posta en marcha doutras novas que den resposta ás necesidades da sociedade actual e que resulten competitivas no marco económico existente. En particular, para esta Administración resulta prioritario o fomento do mantemento e consolidación das actividades existentes e a captación de novas iniciativas empresarias que se apoiem para o desenvolvemento da súa actividade en recursos endóxeos do municipio, motivos polos que, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes,

ACORDA:

Primeiro.- Aprobar a convocatoria e as bases reguladoras de subvencións para o fomento da implantación empresarial no Concello de Mondoñedo, que se xuntan como anexo ao expediente.

Segundo.- Darlle publicidade a esta convocatoria a través de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

ANEXO

BASES REGULADORAS DE SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DA IMPLANTACIÓN EMPRESARIAL NO CONCELLO DE MONDOÑEDO.

O artigo 40 da Constitución Española de 1978, enmarcado ao inicio do capítulo I da nosa norma Constitucional, baixo a denominación de "Principios reitores da política social económica", constitúe un mandato aos poderes públicos a fin de que promovan as condicións favorables para o progreso social e económico e para unha distribución de renda, rexional e persoal, máis equitativa, no marco dunha política de estabilidade económica, encomendándolles de maneira especial, a realización dunha política orientada ao pleno emprego e todo elo baixo as garantías do artigo 53.3 do mesmo Texto Constitucional cando determina que o recoñecemento, o respecto e a protección deste principio, informará a lexislación positiva, a práctica xudicial e a actuación dos poderes públicos.

Pola súa parte, o artigo 25.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local determina que o municipio, no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

En desenvolvemento da citada base, os artigos 23 e seguintes do Decreto 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das entidades locais regula entre os mecanismos de fomento de actividades da competencia das entidades locais, as subvencións entendidas nos termos da Lei reguladora das Facendas Locais e os seus límites e particularmente a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, isto é, unha disposición diñeraria con consignación orzamentaria, que se realiza a favor das persoas públicas ou privadas, sen contraprestación directa, para que o suxeito cumpra un determinado obxectivo ou execute un determinado proxecto que fomenta unha actividade de utilidade pública ou interese social, o a promoción dunha determinada finalidade pública.

O emprendemento de novas actividades de carácter empresarial e industrial, así como, o mantemento das existentes, é fundamental para o desenvolvemento e a consolidación do tecido empresarial mindoniense. A colaboración cos emprendedores e os empresarios que xa desenvolven a súa actividade na nosa localidade, contribuirá á fixación de poboación e ao fortalecemento do tecido socioeconómico local.

No ano 2003 foi aprobada a creación do Parque Empresarial de Mondoñedo dotado de ámbito supramunicipal, que proporciona o solo industrial para o asentamento deste tipo de Empresas. A ubicación idónea do Parque, próxima ao enlace da Autovía do Cantábrico que une Santiago de Compostela e San Sebastián, fai prever unhas expectativas inmejorables para o asentamento de empresas de diversos sectores. Que contribúan ao mantemento e a creación de postos de traballo do noso concello reactivando a economía municipal en todos os eidos.

Nese sentido, o Concello de Mondoñedo ten como obxectivo a rexeneración do actual tecido produtivo, así como a colaboración na consolidación de actividades existentes e posta en marcha doutras novas que dean resposta ás necesidades da sociedade actual e que resulten competitivas no marco económico existente. En particular, para esta Administración resulta prioritario o fomento do mantemento e consolidación das actividades existentes e a captación de iniciativas empresarias que se apoiem para o desenvolvemento da súa actividade en recursos endóxeos do municipio.

É, polo que, resulta necesario impulsar instrumentos que permitan contribuír á consecución destes obxectivos, motivo polo que se aproban as presentes bases coa finalidade de regular a solicitude e concesión, en réxime de concorrència non competitiva, das axudas para o fomento da actividade empresarial no Concello de Mondoñedo.

PRIMEIRA.- OBXECTO E FINALIDADE.

1.1.- As presentes bases teñen por obxecto establecer as normas reguladoras para a concesión de axudas de carácter plurianual por parte do Concello de Mondoñedo a diferentes sectores do ámbito empresarial local coa finalidade de fomentar o mantemento e consolidación das actividades empresariais existentes e a creación de novas empresas ou negocios.

1.2.- A concesión das axudas reguladas nas presentes bases está limitada ás dispoñibilidades orzamentarias existentes en cada exercicio.

1.3.- Entenderase por subvención suxeita a estas bases a toda disposición dineraria realizada polo Concello de Mondoñedo, que cumpra os seguintes requisitos:

- Que a entrega prodúzase sen contraprestación directa dos beneficiarios.
- Que a entrega este suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto ou a realización dunha actividade.
- Que o proxecto, acción ou situación financiada teña por obxecto o fomento dunha actividade empresarial para o Concello de Mondoñedo.

SEGUNDA.- RÉXIME XURÍDICO.

2.1.- Estas subvencións rexeranse ademais de polo disposto nas presentes bases; pola Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións; polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei Xeral e Subvencións; pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e demais lexislación de aplicación.

2.2.- A xestión desta liña de subvencións axustarase aos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como no cumprimento de obxectivos e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

TERCEIRA.- REQUISITOS PARA SER BENEFICIARIOS.

3.1.- Para poder ser beneficiarios destas axudas, os solicitantes haberán de reunir os seguintes requisitos:

- Ser empresa nalgunha das seguintes modalidades:
 - Persoa física: empresario individual, sociedade civil ou comunidade de bens.
 - Persoa xurídica: sociedade mercantil, incluídas as sociedades mercantís especiais.
- Ser micro, pequena ou mediana empresa. Segundo a recomendación da Comisión Europea 2003/361/CE, do 6 de maio de 2003, DOL 124, 20-05-2003, as define da seguinte maneira:
 - Microempresa: empresa que ocupa a menos de 10 persoas e cuxo volume de negocios anual ou cuxo balance xeral anual non supera os 2 millóns de euros.
 - Pequena empresa: empresa que ocupa a menos de 50 persoas e cuxo volume anual ou cuxo balance xeral anual non supera os 10 millóns de euros.
 - Mediana empresa: empresa que ocupa a menos de 250 persoas e cuxo volume de negocios anual non excede de 50 millóns de euros ou cuxo balance xeral anual non excede de 43 millóns de euros.
- Que se desenvolva unha actividade con ou sen ánimo de lucro que manteña ou xere emprego.
- Que se adquira solo nas condicións previstas na base cuarta.
- Que as obras de edificación na correspondente parcela comezan nun prazo máximo de seis meses a contar dende a data de outorgamento da licenza de obras.

3.2.- Non poderán ser beneficiarios:

a) As empresas nas que conorra algunha das circunstancias establecidas no punto 2 do artigo 13 da Lei 18/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

b) Os locais nos que se desenvolva unha actividade non prevista na normativa urbanística vixente para esa situación.

c) Aquelas cuxa actividade consista no alugamento de local para o desenvolvemento doutra actividade económica.

TERCEIRA.- REQUISITOS PARA SER BENEFICIARIOS DAS AXUDAS.

3.1.- As persoas privadas, físicas ou xurídicas, que concorran á convocatoria desta liña de subvencións, deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Estar legalmente constituídos e inscritas formalmente no Rexistro Mercantil, no caso que sexan persoas xurídicas; ou inscritas no Rexistro de Público de Empresarios do Ministerio de Economía e Facenda e/ou alta como declarante do IVE e con tarxeta censal do Imposto de Actividades Económicas e dados de alta no correspondente epígrafe da Seguridade Social no caso que sexa persoas físicas.
- Estar ao corrente de pago das obrigas de reintegro de subvencións fronte a calquera Facenda Pública e no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, así como non ter débedas co Concello de Mondoñedo.
- Ter domicilio social en Mondoñedo. Non obstante, este requisito poderá excepcionarse de forma motivada polo órgano concedente, por razón do obxecto e a finalidade da subvención ou natureza da actividade subvencionada.
- Non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas no artigo 13, apartados 2 e 3 da Lei Xeral de Subvencións.
- Establecer unha actividade económica no Parque Empresarial de Mondoñedo. Poderán concorrer tanto aquelas empresas que xa teñan iniciado a súa actividade empresarial, co fin de mantela, así como as de nova creación, a partires do 01 de xaneiro de 2022.
- Establecer unha actividade económica no ámbito comprendido na Ordenanza U4 do Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Mondoñedo, definido como "Áreas de Solo Industrial delimitadas nos planos de ordenación". Poderán concorrer tanto aquelas empresas que xa teñan iniciado a súa actividade empresarial, co fin de mantela, así como as de nova creación, a partires do 01 de xaneiro de 2022.
- Que non se obtivera calquera outra subvención municipal polo mesmo concepto.
- A actividade deberá contar coas licenzas e permisos urbanísticos legalmente esixidos polo Concello de Mondoñedo para o funcionamento da mesma.
- Que a actividade para a que se solicita a axuda manteña ou xere, alomenos, un posto de traballo vinculado a dita actividade, entendéndose como tal o de promotor.
- Cumprir cos requisitos establecidos no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións para obter a condición de beneficiario.
- O obriga de destinar a parcela de solo industrial adquirida e subvencionada a algunha das actuacións que prevé como posibles na base cuarta deste convocatoria e por un período de CINCO (5) anos, de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o artigo 29.4.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

CUARTA.- GASTOS SUBVENCIONABLES E CONTÍA MÁXIMA.

4.1.- As subvencións outorgaranse con cargo aos Orzamentos do Concello de Mondoñedo para o ano 2022 e 2023. Tendo previsto na aplicación orzamentaria 420.47900 para o exercicio 2022 unha consignación de VINTE CATRO MIL EUROS (24.000,00 €).

O importe máximo da subvención será o resultante de prorratear a cantidade máxima no ano 2022, de xeito proporcional entre as solicitudes presentadas.

Polo tanto, con cargo ao orzamento do exercicio 2022 unicamente poderase recoñecer unha contía máxima de 24.000 euros, salvo que se produza unha ampliación de crédito na correspondente partida orzamentaria.

4.2.- Os beneficiarios percibirán a axuda en tres prazos e coas contías máximas que se sinalan deseguido:

- Ata un máximo de 8.000,00 € ou a cantidade proporcional, no momento que se acredite a compra da parcela mediante a aportación de copia da escritura de compravenda debidamente inscrita no rexistro da propiedade.
- Ata un máximo de 8.000,00 € ou a cantidade proporcional, no momento que se inicie a execución das obras.
- Ata un máximo de 8.000,00 € ou a cantidade proporcional, no momento que se acredite o inicio da actividade.

4.3.- ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES:

Considéranse actuacións subvencionables:

- As inversións efectivamente realizadas para a adquisición de solo de uso industrial no parque empresarial de Mondoñedo e no ámbito comprendido na Ordenanza U4 do Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Mondoñedo, definido como "Áreas de Solo Industrial delimitadas nos planos de ordenación", a partires do 01 de xaneiro de 2022.

4.4.- GASTOS SUBVENCIONABLES:

Considéranse gastos subvencionables:

- Se consideran subvencionables, única e exclusivamente, o custe de adquisición do solo, sendo considerado como tal, o importe reflectido na escritura de compravenda con exclusión dos intereses, impostos indirectos e os seus recargos.
- Para que sexa subvencionable deberá constar efectivamente pagado por algún dos medios válidos no tráfico xurídico de acordo á Lei 7/2012, do 29 de outubro, de modificación da normativa tributaria e orzamentaria e de adecuación da normativa financeira para a intensificación das actuacións na prevención da loita contra o fraude e á Lei 10/2010, de 28 de abril, de prevención de blanqueo de capitais e de financiación do terrorismo e demais lexislación aplicable.
- Non serán considerados como obxecto de subvención os gastos notariais, periciais e rexistrals.
- O importe máximo da subvención non poderá exceder o 50% dos custes subvencionables.

QUINTA.- CONCORRENCIA CON OUTRAS SUBVENCIONES.

5.1.- A axuda concedida será compatible con outras axudas ou subvencións calquera que sexa a súa natureza e a entidade que as conceda. Esta compatibilidade non é aplicable no suposto de que a empresa recibira subvención do Concello de Mondoñedo polo mesmo obxecto da presente convocatoria.

5.2.- A subvención queda supeditada ao cumprimento da normativa vixente e, en especial, ao da Unión Europea. Nestes termos, a subvención será compatible con calquera axuda pública ou privada, máis en ningún caso, aisladamente o en concorrencia con outras, poderán superar os límites máximos da axuda de minimis (*Regulamento UE número 1407/2013 da Comisión, de 18 de decembro, relativo á aplicación do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás Axudas de minimis*) establecidos na Unión Europea.

5.3.- O solicitante deberá aclarar todas as axudas que solicitara ou obtivera, tanto ao iniciarse o expediente administrativo como en calquera outro momento do procedemento.

5.4.- O importe acumulado da totalidade das subvencións outorgadas non poderá exceder do 80% do custe de implantación da actividade.

SEXTA.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

6.1.- O prazo de presentación das solicitudes e demais documentación iniciarase coa publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Así mesmo, a convocatoria aprobada deberá publicarse na BDNS, segundo o establecido no artigo 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

6.2.- Lugar e prazo de presentación das solicitudes: no Rexistro Xeral do Concello de Mondoñedo, praza do Concello, nº 1, en horario de 9:00 a 14:00 horas (de luns a venres), durante o prazo de 2 meses a partires do día seguinte da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Así mesmo, admitirase a súa presentación por calquera dos medios establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

6.3.- Documentación a presentar: As solicitudes presentaranse segundo o modelo do Anexo I da presente convocatoria, o cal deberá estar debidamente cumprimentado e acompañarse orixinal e fotocopia (para a súa compulsa) da seguinte documentación:

- i. NIF/DNI do empresario ou da empresa.
- ii. Compromiso de adquisición na parcela no ano 2022 ou copia simple o fotocopia debidamente compulsada da escritura pública de compravenda acreditativa da adquisición e do pagamento. Na escritura pública deberá constar que a actuación subvencionada será destinada ás actuacións previstas na base cuarta desta convocatoria e por un período de CINCO (5) anos, de conformidade co previsto na normativa estatal e autonómica de Subvencións. Ademais na mesma debe figurar tamén que o terreo adquirido está clasificado como solo urbano de uso industrial consolidado no PXOM do Concello de Mondoñedo.
- iii. Anexo II debidamente cumprimentado e rubricado no que se declare responsablemente polo solicitante ou o seu representante legal da empresa:
 - Que a adquisición cumpre co establecido nas bases cuarta e quinta desta convocatoria.

- Que comezarse a edificación da parcela no prazo establecido na base terceira da convocatoria.
 - O compromiso de destinar a adquisición a unha actividade con ou sen ánimo de lucro que xere emprego, durante o período de CINCO (5) anos contados dende a elevación a escritura pública do acordo de compravenda.
- iv. Anexo III debidamente cumprimentado no que se declare:
- Acreditación das subvencións ou axudas obtidas para a mesma adquisición, ou no seu caso, mención expresa de que non se obtivo ningunha axuda.
- Declaración responsable de que a Empresa non está afectada pola incompatibilidade que supoñen as axudas acollidas ao réxime de “minimís”.
- v. Anexo IV: Memoria da actuación debidamente cumprimentada.
- vi. No caso de sociedades, escritura de constitución e DNI do representante e poder de representación.
- vii. No suposto de comunidades de bens, a documentación solicitada deberá achegarse por todas e cada unha das persoas comuneras e, así mesmo, obrigaranse como persoas físicas conxunta e solidariamente, debéndose firmar a solicitude e as declaracións responsables por todas as persoas socias.
- viii. Certificado de estar ao corrente de obrigas con Facenda e co Concello de Mondoñedo.
- ix. Certificado de estar ao corrente das obrigas coa Seguridade Social, tanto da empresa como do empresario ou profesional autónomo.
- x. Orixinal do documento de designación de conta bancaria conformada pola entidade bancaria.

SÉTIMO.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

7.1.- O procedemento de concesión das subvencións con cargo a esta convocatoria, establécese en función do orde de recepción (data de rexistro) das solicitudes presentadas con toda a documentación requirida nestas bases, de conformidade co previsto na normativa estatal e autonómica. Non se iniciará a tramitación de ningunha solicitude que non este completamente documentada.

7.2.- A instrución do procedemento de concesión seguirá as seguintes fases:

- O órgano instrutor realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.
- De acordo co establecido no artigo 24.3 da Lei Xeral de Subvencións, as actividades de instrución comprenderán as que se indican a continuación:
 - a) Petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos por esta convocatoria específica e as demais normas que regulan esta subvención.
 - b) Avaliación das solicitudes ou peticións, efectuada conforme cos criterios, formas e prioridades de valoración establecidos na Base 12 seguinte.
- Se a solicitude de subvención non reúne os requisitos establecidos por esta convocatoria, incluído o defecto, erro ou ausencia nos datos da solicitude e/ou na documentación presentada, o órgano instrutor requirirá ao interesado para que emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, no prazo máximo e improrrogable de dez (10) días hábiles, indicándolle que se non o fixese teráselle por desistido da súa solicitude, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, en calquera fase do procedemento anterior á proposta de resolución, poderase requirir á entidade ou agrupación solicitante que achegue a información e documentación aclaratoria e complementaria que se considere conveniente para a correcta definición, avaliación, e comprobación da solicitude presentada.
- Criterios de valoración das solicitudes: A instrutora do procedemento comprobará a concorrencia en cada unha das persoas solicitantes de todos os requisitos e condicións esixidos nesta convocatoria.
- O órgano instrutor á vista do expediente e da documentación presentada, formulará proposta de resolución definitiva, debidamente motivada, que deberá expresar o solicitante ou relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, e a súa contía, e se publicará/notificará aos interesados que foran propostos como beneficiarios na fase de instrución, para que no prazo de dez días comuniquen a súa aceptación ou renuncia ao órgano instrutor. Transcorrido este prazo sen producirse a aceptación expresa, a subvención entenderase tacitamente aceptada.
- O expediente de concesión de subvencións conterá o informe do órgano instrutor no que conste que da información que obra no seu poder despréndese que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás mesmas. A proposta de resolución definitiva non crea dereito algún a prol do beneficiario proposto, fronte á Administración, mentres non se lle notificara a resolución da concesión.

- Á vista das subvencións que constan na proposta de resolución definitiva e que foron aceptadas, o órgano competente resolverá o procedemento. O acordo de resolución da convocatoria incluírá ademais do solicitante ou relación de solicitantes aos que se lles concede a subvención, no seu caso, de maneira expresa, unha relación ordenada de todas as solicitudes que, cumprindo coas condicións administrativas e técnicas establecidas nas bases reguladoras e a convocatoria específica para adquirir a condición de beneficiarios, non sexan estimadas, con indicación da razón da denegación a cada unha delas en función dos criterios de valoración previstos na mesma. Se se renunciase á subvención por algún dos beneficiarios, o órgano concedente acordará, voltar a repartir os importes das subvencións entre o resto de beneficiarios ata esgotar o importe máximo subvencionable. Esa cantidade suplementaria tramitarase como unha nova concesión.
- **Notificación da resolución:** A resolución do procedemento notificarase aos interesados de acordo co previsto no artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. O período utilizado para a corrección de deficiencias e achega de documentos interromperá o devandito prazo, ao amparo do artigo 22.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. O vencemento do devandito prazo máximo sen notificar a resolución, lexitima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a súa solicitude de concesión da subvención. A concesión de subvención non xera dereito algún á percepción da mesma en futuras convocatorias.
- **Recursos procedentes contra a resolución do procedemento:** A resolución do procedemento porá fin á vía administrativa. Contra a dita resolución caberá a interposición de recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Con todo, os interesados poderán, con carácter potestativo, presentar recurso de reposición ante o propio órgano que ditou a resolución no prazo dun mes.

OITAVO.- ACEPTACIÓN E PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN.

8.1.- Aceptación da subvención: A subvención está afectada ao cumprimento da finalidade para a que outórgase e enténdese afectada dende o momento da súa concesión, polo que non será necesario a presentación de documentación adicional polo beneficiario.

8.2.- Pago da subvención:

- xi. Primeiro pago: Realizarase previa presentación no Concello de Mondoñedo documentación acreditativa da compra efectiva da parcela: copia simple o fotocopia debidamente compulsada da escritura pública de compravenda acreditativa da adquisición e do pagamento debidamente inscrita no rexistro da propiedade. Na escritura pública deberá constar que a actuación subvencionada será destinada ás actuacións previstas na base cuarta desta convocatoria e por un período de CINCO (5) anos, de conformidade co previsto na normativa estatal e autonómica de Subvencións. Ademais na mesma debe figurar tamén que o terreo adquirido está clasificado como solo urbano de uso industrial consolidado no PXOM do Concello de Mondoñedo.
- 1. Segundo pago: Realizarase previa presentación no Concello de Mondoñedo acta de implantación e inicio das obras, con supervisión municipal se se estima oportuno.
- 2. Terceiro pago: Realizarase previa presentación no Concello de Mondoñedo da documentación acreditativa do inicio da actividade (alta dos subministrados, alta como centro de traballo.. etc), xunto co compromiso de mantemento da actividade polo prazo de CINCO (5) anos, contados dende a elevación a escritura pública do acordo de compravenda.

NOVENO.- REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS.

9.1.- Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención concedida no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas de reintegro previstas no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións.

9.2.- Causas do reintegro das subvencións concedidas: O Concello da Mondoñedo obrigará ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e á esixencia do interese legal do diñeiro que resulte de aplicación desde o momento do abono da subvención ata a data do reintegro, nos seguintes supostos, ademais dos casos indicados no apartado anterior:

1. Incumprimento total ou parcial dos obxectivos que fundamentan a concesión da subvención.
2. Incumprimento total ou parcial da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente nos termos establecidos no artigo 30 da Lei Xeral de Subvencións.
3. Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 14 e 15 da Lei Xeral de Subvencións, así como o incumprimento das obrigacións contables, rexistrais ou de conservación de documentos.
4. Incumprimento das obrigas establecidas con motivo da concesión da subvención.
5. Calquera outra causa das previstas nos artigos 32 e seguintes da Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia, nos artigos 74 a 76 inclusive do Regulamento Xeral para a aplicación da citada.

9.3.- O procedemento para o reintegro será o establecido polos artigos 41 e 42 da Lei Xeral de Subvencións e 9 e seguintes do Regulamento Xeral de Subvencións.

9.5.- En todo caso, durante a tramitación do procedemento de reintegro garantirase o dereito da persoa interesada ao trámite de audiencia.

9.6.- En calquera momento poderá o beneficiario dunha subvención desistir ou renunciar a súa concesión, sen prexuízo das responsabilidades as que, nalgún suposto, houbera lugar e sen que, producido xa o abono da mesma, deba procederse a súa devolución conforme o procedemento de reintegro de subvencións citado.

DÉCIMA.- INFRACCIÓN E SANCIÓN

10.1.- Constituirán infraccións en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na Lei Xeral de Subvencións e normativa de desenvolvemento.

10.2.- Poderanse impor as sancións tipificadas nos artigos 59 a 63 da Lei Xeral de Subvencións axustándose ao procedemento sancionador previsto nos artigos 52 a 58 e 66 a 69 da citada Lei e sendo o órgano competente para a súa resolución o mesmo órgano que ten atribuída a competencia para a resolución de concesión e aboamento das subvencións”.

Mondoñedo, 31 de maio de 2022.- O ALCALDE, Manuel Ángel Otero Legide.

R. 1461

MURAS

Anuncio

aprobación definitiva da modificación das bases de execución do orzamento para o exercicio 2022

Por acordo do Pleno adoptado na sesión ordinaria de data 27 de abril de 2022, aprobouse inicialmente a modificación da base 38 das bases de execución do orzamento municipal para o ano 2022.

En cumprimento do disposto no artigo 177.2, en relación co artigo 169.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o acordo estivo exposto ao público durante un prazo de quince días hábiles, na Secretaría-Intervención municipal, en virtude do anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia número 101, de data 4 de maio de 2022, a efectos de que se presentasen as reclamacións que se estimaran pertinentes.

Transcorrido o prazo de exposición pública sen que se produciran reclamacións contra esta modificación, enténdese aprobada definitivamente:

“Aprobar a modificación da base 38 das bases de execución do Concello de Muras de tal xeito que se lle aumente o importe consignado para ATILA na cantidade total de 3.000,00€, pasando de 1.000,00€ a 4.000,00€ para axuda a facer fronte aos gastos derivados das actividades que leve a cabo durante o ano 2022.”

Muras, 30 de maio de 2022.- O Alcalde, Manuel Requeijo Arnejo.

R. 1462

RÁBADE

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno do Concello na súa sesión ordinaria celebrada o día 30 de maio de 2022 o expediente de modificación da relación de subvencións nominativas previstas nas bases de execución dos presupostos municipais para 2022 (modificación de créditos Nº 4/2022); en cumprimento do disposto no artigo 179.3 en relación co artigo 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, exponse ó público, por prazo de quince días hábiles, para que os interesados poidan examina-lo expediente e presenta-las reclamacións e suxerencias que estimen oportunas.

De non presentarse reclamacións entenderase definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional.

Rábade, 31 de maio de 2022.- O ALCALDE, Francisco Xosé Fernández Montes.

R. 1463

RIOTORTO*Anuncio*

Pola Comisión Especial de Contas deste Concello en sesión celebrada o día 30 de maio de 2022, informouse favorablemente a Conta Xeral da Entidade correspondente a 2021.

Así mesmo se acordou expoñer a citada Conta e o informe, ao público por prazo de quince días hábiles a contar dende o seguinte o da súa inserción deste Edicto no B.O.P e no Taboleiro de Anuncios deste Concello.

Durante ese período, os interesados poderán presentar reclamacións, reparos e observacións que estimen oportunos.

No suposto de non se presentar reclamacións, reparos ou observacións a esta, esta será sometida ao Pleno ao obxecto da súa aprobación, todo iso de conformidade co disposto nos artigos 212.3 e 212.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de Marzo, e 116 da Lei 7/85, do 2 de Abril, de Bases de Réxime Local e 50 da Instrución do Modelo Simplificado de Contabilidade Local, aprobado por Orde HAP/1782/2013 do 20 de Setembro.

Riotorto, 31 de maio de 2022.- O Alcalde, Clemente Iglesias González.

R. 1464

O SAVIÑAO*Anuncio***ESTABLECEMENTO PREZOS PÚBLICOS**

O Pleno do Concello de O Saviñao, en sesión ordinaria de 27 de maio de 2022, aprobou o Texto Regulador do Prezo Público pola prestación das actividades denominadas AULA DE VERAN para o ano 2022 e seguintes (Expediente 551/2022), que está a disposición dos interesados/as na sede electrónica do concello, co seguinte detalle:

Actividades de verán: 20 euros/mes/veno/a

16 euros/mes/segundo/a irmá/n e seguintes.

O que se fai público aos efectos previstos no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

O Saviñao, 30 de maio de 2022. O Alcalde. Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 1465

*Anuncio***INFORMACIÓN PÚBLICA**

O Pleno do concello de O Saviñao, en sesión celebrada o día 27 de maio de 2022, aprobou inicialmente o expediente de Modificación de Créditos, na modalidade de Suplemento de Crédito (Expediente 536/2022), con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais por importe de 225.550,38 euros, destinado a atender gastos pendentes de aplicación ao orzamento a 31/12/2021, así como a financiar outros gastos. O expediente expónse ao público na Secretaría deste concello, por prazo de quince días hábiles, a contar desde o día seguinte ao da inserción deste anuncio no BOP de Lugo, a efectos de que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, segundo o disposto no artigo 177.2 en relación co artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións, en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo de 1 mes para resolvelas.

O Saviñao, 30 de maio de 2022. O Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 1466

TRABADA*Anuncio***INFORMACION PÚBLICA DO PADRÓN DE AUGA DO 2º BIMESTRE DE 2022**

Por Resolución da Alcaldía núm. 2022-0199 do 30 de maio de 2022, resólvese a aprobación da Taxa polo abastecemento domiciliario de auga correspondente ao 2º bimestre de 2022, expoñéndose ao público polo prazo de 15 días hábiles, contados dende o día seguinte á publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

De conformidade co artigo 102.3 la Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria esta publicación ten o carácter de notificación colectiva, podendo as persoas interesadas examinar o expediente e presentar os seguintes recursos:

- O recurso de reposición no prazo de 1 mes dende a publicación do presente anuncio, perante a Alcaldía, que será resolto no prazo máximo de 1 mes, transcurrido o cal entenderase desestimado.
- Contra a resolución do recurso de reposición, poderase interpor o recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezan na Lei reguladora da referida xurisdición.
- A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de 1 mes.

Os recibos serán cargados nas contas bancarias respectivas, fixando como período de cobro voluntario do 1 de xullo de 2022 ata o 1 de setembro de 2022.

Finalizado o exercicio procederase ao seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

No tocante ao canon da auga, a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola Consellería de Facenda.

Trabada, 30 de maio de 2022.- A Alcaldesa, Mayra García Bermúdez.

R. 1467

O VALADOURO

Anuncio

Corrección de erros. Oferta de emprego público

Detectado erro na publicación da Oferta de emprego público para a estabilización do emprego temporal publicada no Boletín Oficial da Provincia nº 118 de data 25 de maio de 2022 procédese á súa corrección:

Mediante Resolución de Alcaldía deste Concello aprobose a Oferta de Emprego Público para a estabilización de emprego temporal, segundo o contido da Lei 20/21, de 28 de decembro de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público que correspondente a a/s praza/s que a continuación se apuntan:

ANEXO

DENOMINACIÓN	VACANTES	SISTEMA ACCESO	PROCEDEMENTO	TIPO DE PERSOAL. Grupo
Administrativo/-a Administración Xeral	1	Concurso- Oposición	Art.2.1Lei 20/21, de 28 de decembro	Funcionario/-a C1
Administrativo/-a Administración Xeral	1	Concurso- Oposición	Art.2.1Lei 20/21, de 28 de decembro	Funcionario/-a C1
Operario /-a mantemento vías e espazos públicos	1	Concurso- Oposición	Art.2.1Lei 20/21, de 28 de decembro	Funcionario/-a E
Auxiliar axuda no fogar	4	Concurso	D. Adicional 6ªLei 20/21	Persoal Laboral Fixo
Traballador/-a Social	1	Concurso	D. Adicional 6ªLei 20/21	Persoal Laboral Fixo
Técnico OMIX(Xornada 5 horas/día)	1	Concurso	D. Adicional 6ªLei 20/21	Persoal Laboral Fixo
Auxiliar Administrativo	1	Concurso	D. Adicional 6ªLei 20/21	Persoal Laboral Fixo

(adscrito a Cultura) Técnico/-a Xestión Administración Xeral	1	Concurso	D. Adicional 8ªLei 20/21	Persoal Laboral Fixo
Administrativo/-a Administración Xeral	1	Concurso	D. Adicional 8ªLei 20/21	Persoal Laboral Fixo

En cumprimento do artigo 91 da Lei 7/1985, de 2 de abril, da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 70.2 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, publícase a Oferta de Emprego Público para a estabilización de emprego temporal do Concello de O Valadouro no Boletín Oficial da Provincia.

Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente ou recurso de reposición potestativo ante a Alcaldía, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

O Valadouro, 31 de maio de 2022.- O Alcalde, Edmundo Maseda Maseda.

R. 1468

VIVEIRO

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía, procédese á seguinte CONVOCATORIA:

Visto que as listas de emprego temporal en diferentes especialidades do Conservatorio Profesional de Música do Concello deben ser actualizadas para acadar un eficaz funcionamento, debido ao escaso número de participantes, a ter realizados chamamentos a través do SEPE por non ter dispoñibilidade os participantes, nas diferentes listas como consta nos expedientes.

Visto o artigo 55.1 do EBEP que sinala que *“todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto no presente Estatuto e no resto do ordenamento xurídico”*.

Visto o artigo 55.2 do EBEP que preceptúa que *“as Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como os establecidos a continuación:*

- *Publicade das convocatorias e das súas bases.*
- *Transparencia.*
- *Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.*
- *Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.*
- *Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.*
- *Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección.”*

Visto o artigo 61.1 do EBEP que dispón que *“os procesos selectivos terán carácter aberto e garantirán a libre concorrencia, sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas neste Estatuto”*.

Tendo en conta que para acadar o referido funcionamento eficaz do Conservatorio Profesional de Música de Viveiro, e en base a criterios de economía e eficacia, constátase a necesidade urxente de actualizar e crear listas de emprego temporal en relación coas seguintes especialidades musicais, as devanditas incorporacións non suporán incremento de custos e non incrementarán o número de efectivos:

Acordeón	Canto	Composición
Clarinete	Frauta traveseira	Gaita
Guitarra	Linguaxe musical	Piano

Percusión	Saxofón	Trombón
Trompeta	Violín	Violonchelo

Con fundamento no exposto con anterioridade e en uso das atribucións que me confire o e o artigo 21.1.g da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Dar por caducadas e deixar sen efecto as listas de emprego actuales nas seguintes especialidades:

Acordeón	Canto	Composición
Clarinete	Frauta traveseira	Gaita
Guitarra	Linguaxe musical	Piano
Percusión	Saxofón	Trombón
Trompeta	Violín	Violonchelo

SEGUNDO.- Aprobar as Bases, e o seu anexo, que rexerán o procesos selectivo, mediante o sistema libre de concurso de valoración de méritos ao obxecto da constitución de listas de emprego provisional en atención as especialidades musicais indicadas na parte expositiva.

TERCEIRO.- Convocar o proceso selectivo, mediante o sistema de concurso de mérito, de carácter aberto.

CUARTO.- Ordenar a publicación da presente convocatoria, Bases e o seu anexo, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Viveiro, 31 de maio de 2022.-A Alcaldesa, María Loureiro García.

R. 1469

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL. O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES.

EXPEDIENTE: V/27/01433

PETICIONARIO: Yuri Aliosha Huanay Escobar

VERTIDO

DENOMINACIÓN: Vivienda en A Casanova

LOCALIDAD: A Casanova Vilar de Ortelle (Santiago)

TÉR.M. MUNICIPAL: Pantón

PROVINCIA: Lugo

RÍO/CUENCA: Miño/Miño

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales urbanas de "Vivienda en A Casanova" - "Yuri Aliosha Huanay Escobar", con un volumen máximo anual de 124,000 m³.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

- Separador de grasas.
- Fosa séptica con prefiltro.
- Arqueta de toma de muestras.
- Zanjas filtrantes.

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O. A. durante el plazo indicado.

El expediente de vertido estará de manifiesto en las Oficinas de esta Comisaría de Aguas en Lugo (Ronda da Muralla, 131, 2º).

Lugo, 30 de mayo de 2022.- EL JEFE DE ÁREA DE GESTIÓN MEDIOAMBIENTAL, CALIDAD DEL AGUA Y VERTIDOS Diego Fompedriña Roca.

R. 1470

MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOBILIDADE E AXENCIA URBANA

ADMINISTRADOR DE INFRAESTRUCTURAS FERROVIARIAS (ADIF)

Anuncio

Anuncio del ADIF por el que se somete a información pública, a efectos de expropiaciones, el “*Proyecto Constructivo de supresión del paso a nivel del P.K. 394/849 de la línea Palencia – A Coruña. Término municipal de Sarria (Lugo)*”.

En cumplimiento de los artículos 18 y 19.1 de la Ley de Expropiación Forzosa, de 16 de diciembre de 1954, y artículos concordantes de su Reglamento (Decreto de 26 de abril de 1957), se abre un periodo de información pública de quince días hábiles, a partir del día siguiente al de la publicación de este anuncio en el Boletín Oficial del Estado, sobre la relación de bienes y derechos afectados por la ejecución de las obras definidas en el proyecto de referencia, con el objeto de que cualquier persona, física o jurídica, pueda aportar por escrito los datos oportunos para rectificar posibles errores de la relación que se publica en este anuncio u oponerse, por razones de fondo o forma, a la necesidad de ocupación.

Con tal motivo, la documentación de expropiaciones del mencionado proyecto puede ser examinada, en días y horas hábiles de oficina, en la Subdelegación del Gobierno en Lugo (Rúa Armanya, 10, 27001 Lugo, Galicia), en el Ayuntamiento de Sarria (Rúa Maior, 14, 27600 Sarria (Lugo)), en la Subdirección de Pasos a Nivel e Instalaciones de Protección y Seguridad (Paseo del Rey 32, CP 28008, Madrid) y en “Información Pública”, del Portal de Transparencia de la web de ADIF (www.adif.es).

Las alegaciones que se formulen irán dirigidas a la Subdirección de Pasos a Nivel e Instalaciones de Protección y Seguridad (Paseo del Rey 32, CP 28008, Madrid), indicando como referencia Información pública expropiaciones “Proyecto Constructivo de supresión del paso a nivel del P.K. 394/849 de la línea Palencia – A Coruña. Término municipal de Sarria (Lugo)”.

Relación concreta e individualizada de bienes y derechos afectados:

Término Municipal de Sarria

Nº de FINCA	POLÍGONO / REF_CAT	PARCELA	Titular Actual Nombre y Domicilio	Expropiación (m2)	Servidumbre (m2)	Ocupación Temporal (m2)
x-27.0575-1201	501	45	Quiñoa Lopez Pedro (Herederos de), Lg Farban 10 27619 Sarria (Lugo)	2624	0	0
x-27.0575-1202	501	42	Perez Perez Teresa, Cl Asunción 8 Pl:01 27600 Sarria (Lugo)	565	0	0
x-27.0575-1203	42	673	ADIF Gerencia de Área de Patrimonio y Urbanismo Noroeste, Cl Uria s/n Est Oviedo Pl:1 15211 Oviedo (Asturias)	13	0	71
x-27.0575-1204	42	9027	ADIF Gerencia de Área de Patrimonio y Urbanismo Noroeste, Cl Uria s/n Est Oviedo Pl:1 15211 Oviedo (Asturias)	381	0	55
x-27.0575-1205	42	362	Gonzalez Somoza Marcelino (Herederos de), Lg Masid 28 27619 Sarria (Lugo)	358	0	5442
x-27.0575-1206	42	9005	Ayuntamiento de Sarria, Cl Mayor 14 27600 Sarria (Lugo)	358	0	0
x-27.0575-1207	42	369	Lopez Piñeiro Josefina, Lg Veiga arriba farban 27619 Sarria (Lugo)	592	0	0
x-27.0575-1208	42	9030	Xunta de Galicia, Pz Obradoiro 3 Santiago 15705 Santiago de Compostela (A Coruña)	1131	0	394
x-27.0575-1209	42	912	ADIF Gerencia de Área de Patrimonio y Urbanismo Noroeste, Cl Uria s/n Est Oviedo Pl:1 15211 Oviedo (Asturias); Ayuntamiento de Sarria, Cl Mayor 14 27600 Sarria (Lugo)	7	0	0
x-27.0575-1210	501	9016	Ayuntamiento de Sarria, Cl Mayor 14 27600 Sarria (Lugo)	915	0	0
x-27.0575-1211	501	43	En investigación Artículo 47 de la Ley 33/2003, Ru Teatro (DO) 4 27001 Lugo (Lugo)	369	0	0
x-27.0575-1212	501	40	Lopez Boado Maria Luisa, Pq Maside San Pedro 2 27619 Sarria (Lugo)	1581	0	452

Nº de FINCA	POLÍGONO / REF_CAT	PARCELA	Titular Actual Nombre y Domicilio	Expropiación (m2)	Servidumbre (m2)	Ocupación Temporal (m2)
x-27.0575-1213	42	361	Lopez Fernandez Jesus (Herederos de), Cl Calvo Sotelo 122 Bl:B Pl:01 Pt:A 27600 Sarria (Lugo)	184	0	0
x-27.0575-1214	42	360	Díaz Rodriguez Manuel, Cl Rosalia Castro 3 27600 Sarria (Lugo)	273	0	0
x-27.0575-1215	501	41	Lopez Lopez Concepción, Pq Maside San Pedro 27600 Sarria (Lugo)	63	0	0

Madrid, 19 de mayo de 2022.- El Director General de Conservación y Mantenimiento. ADIFÁngel Contreras Marín.

R. 1471